<p>B4.5. Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.</p>	<p>B4.5.1. Identifica, en oracións, o papel semántico do suxeito.</p> <p>B4.3.3. Respecta as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.</p>	<p>Diferencia a estrutura do predicado da do suxeito.</p> <p>Identifica o complemento directo e o complemento indirecto.</p> <p>Completa un texto con complementos circunstanciais do tipo indicado.</p> <p>Analiza o predicado de oracións dadas.</p>	<p>Páx. 152. Act. 1.</p> <p>Páx. 153. Acts. 2 e 3.</p> <p>Páx. 153. Act. 4.</p> <p>Páx. 153. Act. 5.</p> <p>Páx. 158. Act. 4.</p>	<p>CL</p>
<p>B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.</p>	<p>B4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.</p>	<p>Utiliza o vocabulario relacionado coa escena dun conto.</p> <p>Recoñece e clasifica neoloxismos.</p> <p>Utiliza o dicionario en liña.</p> <p>Utiliza correctamente palabras con aspectos ortográficos complexos. (Ortografía visual)</p>	<p>Páxs. 151. Acts. 1, 2 e 3.</p> <p>Páxs. 151. Acts. 4 e 5.</p> <p>Páx. 158. Act. 3.</p> <p>Páx. 156. Acts. 6 e 7.</p>	<p>CL</p> <p>CD</p> <p>AA</p>

OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
ORIENTACIÓN METODOLÓXICA S	<input type="checkbox"/> Modelo discursivo/expositivo. <input type="checkbox"/> Modelo experiencial.	<input type="checkbox"/> Actividade e experimentación. <input type="checkbox"/> Participación. <input type="checkbox"/> Personalización. <input type="checkbox"/> Interacción.	<input type="checkbox"/> Tarefas individuais. <input type="checkbox"/> Agrupamento flexible.

RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Observación directa do traballo diario. <input type="checkbox"/> Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. <input type="checkbox"/> Valoración cuantitativa do progreso individual (cualificacións). <input type="checkbox"/> Valoración cualitativa do progreso individual (anotacións e puntualizacións). 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Observación directa. <input type="checkbox"/> Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade. <input type="checkbox"/> Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade. <input type="checkbox"/> Avaliación por competencias, proba correspondente á unidade. <input type="checkbox"/> Outros documentos gráficos ou textuais. <input type="checkbox"/> Debates e intervencións. 	<p>Cualificación cuantitativa: Na proba de control, cada actividade cualificarase con 1 punto se foi resolta correctamente. Se a resolución non é errónea, pero é incompleta ou falta algún elemento, pódese valorar con 0,5 puntos. Así, a cualificación máxima da proba será de 10 puntos. Avaliación inicial cualificarase do mesmo xeito.</p> <p>Cualificación cualitativa: ten como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente á unidade.</p> <p>As probas de avaliación por competencias. A observación directa.</p>

OBXECTIVOS

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

CURRICULARES

- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que os permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e resolver situacións cotiás.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

Enfoque da unidade. Esta unidade ten como eixe temático o interior da Terra. O obxectivo é aproximar os alumnos a vocabulario específico, coa finalidade de poder comprender e expresarse tanto de forma oral coma escrita en situacións relacionadas con este tema. No apartado de Vocabulario, ademais da terminoloxía propia das covas, os alumnos coñecerán o concepto de estranxeirismo e buscarán termos equivalentes da lingua galega para evitalos. Na Gramática, traballarán as clases de oracións atendendo a diferentes criterios: intención do falante, número de verbos conxugados na oración e voz do verbo. Na ortografía continúan afondando nos signos de puntuación, nesta ocasión o punto e coma e os puntos suspensivos. Todos estes contidos lingüísticos poderán ser aplicados na tarefa final: a elaboración dun folleto turístico.

Ademais no programa de Literatura continuarán traballando con textos teatrais: a estrutura en actos e escenas.

O que os alumnos xa saben. Os alumnos xa estarán familiarizados cos contidos traballados nesta unidade na Ortografía e na Gramática e poderán afondar e reflexionar na súa funcionalidade. Ademais ampliarán coñecementos sobre o xénero teatral.

Previsión de dificultades. No traballo de Vocabulario será ben vixiar que distinguen entre neoloxismo e estranxeirismo e aclarar que, se ben moitos neoloxismos poden ser tomados doutras linguas, en ocasións usamos palabras estranxeiras de forma innecesaria porque a nosa lingua xa conta con palabras propias para designar ese obxecto.

CONTIDOS		CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO			
<p>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR</p> <p>B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos, distinguindo información de opinión, e elaboración dun resumo.</p> <p>B1.5. Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).</p>	<p>Recoñecemento dun subxénero propio dos medios de comunicación: a reportaxe.</p> <p>Comprensión do texto oral procedente dunha reportaxe audiovisual.</p> <p>Planificación e produción do texto oral sobre os volcáns.</p> <p>Mellora da expresión oral, da pronuncia e da dicción.</p>	<p>B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.</p> <p>B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.</p>	

CONTIDOS		CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO			
<p>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER</p> <p>B2.2. Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.</p> <p>B2.3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).</p> <p>B2.6. Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).</p> <p>B2.8. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.</p>	<p>Lectura comprensiva dunha páxina de diario persoal, recoñecendo o tipo de texto e localizando os datos específicos.</p> <p>Lectura en voz alta do texto narrativo <i>Ulises e o ciclope</i> con pronuncia, entoación e ritmo adecuados e comprensión da historia.</p> <p>Recoñecemento de elementos da narración.</p> <p>Lectura en diferentes fontes na procura de información sobre os volcáns e sobre covas galegas.</p>	<p>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.</p> <p>B2.4. Utilizar estratexias para mellorar a lectura.</p> <p>B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.</p> <p>B2.11. Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.</p>	

<p>B2.15. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.</p>		
--	--	--

CONTIDOS		CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO			
<p>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR</p> <p>B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, mensaxes curtas) de acordo coas características propias destes xéneros.</p> <p>B3.4. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).</p> <p>B3.5. Redacción de textos breves creativos carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...</p> <p>B3.6. Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.</p>	<p>Escritura dun correo electrónico.</p> <p>Elaboración dun breve comentario escrito para explicar os elementos da narración.</p> <p>Planificación, organización e elaboración dun folleto de maneira creativa utilizando ferramentas dixitais de edición e presentación.</p> <p>Realización de esquemas, de mapas conceptuais e de resumos dos contidos da unidade para organizar e memorizar a información.</p> <p>Escritura de ditados.</p>	<p>B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación</p> <p>B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p> <p>B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.</p> <p>B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.</p>	

CONTIDOS			CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS CURRICULARES	DE AVALIACIÓN
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO					
<p>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</p> <p>B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; (...) ; grupo de palabras: núcleo e complementos; substantivos, artigos e pronomes, adxectivo; tempo e modo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; complementos do nome e complementos do verbo: o suxeito.</p> <p>B4.4. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.</p> <p>B4.8. Identificación, en oracións, do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como o papel semántico deste (axente, paciente e causa).</p> <p>B4.11. Uso eficaz do dicionario, en papel ou dixital, na busca da ampliación</p>	<p>Utilización do vocabulario relacionado coas covas.</p> <p>Recoñecemento de estranxeirismos e substitución destes por palabras da nosa lingua.</p> <p>Utilización de dicionarios en liña para buscar estranxeirismos.</p> <p>Identificación de tipos de oracións pola intención do falante.</p> <p>Recoñecemento de oracións simples e compostas.</p> <p>Distinción entre oracións activas e pasivas.</p> <p>Utilización ortográfica do punto e coma e dos puntos suspensivos.</p> <p>Autonomía na realización de tarefas de aprendizaxe.</p> <p>Valoración dos folletos turísticos elaborados polos compañeiros tendo en conta o contido e a presentación.</p>	<p>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p> <p>B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.</p> <p>B4.5. Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.</p> <p>B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.</p> <p>B4.9. Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.</p>			

do vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.

B4.12. Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e diminutivos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.

B4.15. Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias.

CONTIDOS		CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS CURRICULARES DE AVALIACIÓN
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO			
<p>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</p> <p>B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.</p> <p>B5.5. Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos e tópicos.</p> <p>B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.</p>	<p>Lectura de fragmentos teatrais.</p> <p>Estudo e análise da estrutura básica dos textos teatrais: acto e escena.</p> <p>Comparación do teatro con outros espectáculos (comedia musical, ópera e ballet) que utilizan esta mesma estrutura.</p> <p>Conversión dun conto popular nun texto teatral estruturado en escenas.</p>	<p>B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.</p> <p>B5.3. Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.</p> <p>B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.</p>	

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.</p>	<p>B1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.</p> <p>B1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.</p>	<p>Recoñece un subxénero oral dos medios de comunicación: a reportaxe.</p> <p>Comprende un texto oral dun medio audiovisual, recoñece as ideas principais e secundarias e propón as imaxes que terían que acompañar a audición.</p>	<p>Páx. 160. Act. 1.</p> <p>Páx. 160. Act. 2.</p>	<p>CL AA CD</p>
<p>B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.</p>	<p>B1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.</p> <p>B1.4.5 Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción.</p>	<p>Planifica e produce un texto oral sobre os volcáns, sintetizando a información e utilizando no discurso xestos adecuados e expresivos.</p>	<p>Páx. 160. Act. 3.</p>	<p>CL IE CSC</p>

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dúbidos sentidos.</p>	<p>B2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.</p> <p>B2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).</p> <p>B2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.</p> <p>B2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e reconece algúns mecanismos de cohesión.</p>	<p>Le unha páxina de diario, reconece o tipo de texto e localiza datos específicos.</p> <p>Comprende o texto narrativo <i>Ulises e o ciclope</i>, identifica as ideas principais e localiza información específica que dá resposta ás preguntas formuladas.</p> <p>Diferencia narrador e autor.</p> <p>Distingue a estrutura da narración.</p>	<p>Páx. 161. Acts. 4 e 5.</p> <p>Páx. 164. Acts. 3, 5, 6, 7 e 9.</p> <p>Páx. 164. Act. 2.</p> <p>Páx. 164. Act. 4.</p>	<p>CL</p> <p>AA</p>
<p>B2.4. Utilizar estratexias para mellorar a lectura.</p>	<p>B2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.</p>	<p>Localiza elementos da narración reais e irreais.</p>	<p>Páx. 164. Act. 8.</p>	<p>CL</p>
<p>B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.</p>	<p>B2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe,</p>	<p>Le a páxina dun diario cambiando datos.</p> <p>Le en voz alta o texto narrativo <i>Ulises e o ciclope</i></p>	<p>Páx. 161. Act. 6.</p> <p>Páxs. 162 e 163.</p>	<p>CL</p> <p>CD</p> <p>AA</p>

	de gozo persoal ou de resolución de problemas.	pronunciando correctamente palabras difíciles. Le e selecciona información sobre os volcáns en diferentes fontes. Localiza e selecciona información sobre covas da nosa comunidade.	Competencia lectora. Páx. 164. Act. 1. Páx 160. Act. 3. Páx. 170. Acts. 2 e 3.	IE
B2.11. Aposar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	B2.11.2. Expresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	Opina sobre accións e valores relacionados co personaxe da lectura.	Páx. 164. Act. 10.	CL CSC

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES APRENDIZAXE DE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	<p>B3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, programas...</p> <p>B3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.</p>	<p>Escrebe un correo electrónico a un compañeiro ou compañeira.</p> <p>Escrebe un breve comentario sobre os elementos narrativos da lectura.</p> <p>Redacta un folleto de información turística.</p>	<p>Páx. 161. Act. 7.</p> <p>Páx. 164. Act. 11.</p> <p>Páx. 171. Act. 6 e 7.</p>	CL
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	B3.3.1. Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...	<p>Reescribe ditados corrixindo erros.</p> <p>Selecciona información e estrutura un esquema previo para elaborar o folleto turístico.</p> <p>Realiza esquemas ou mapas conceptuais e resumos dos contidos da unidade.</p>	<p>Páx. 169. Act. 5.</p> <p>Páx. 171. Acts. 1, 2, 3, 4, 5.</p> <p>Páx. 167. Resumo gramatical.</p> <p>Páx. 174. Acts. 1 e 2.</p>	CL AA
B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.	<p>B3.4.2. Escrebe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica.</p> <p>B3.4.3. Aprecia os usos creativos</p>	<p>Deseña e produce o folleto de información turística de forma creativa.</p> <p>Valora os folletos realizados polos compañeiros.</p>	<p>Páx. 171. Acts. 6 e 7.</p> <p>Páx. 171. Act. 8.</p>	CL CEC CSC

	da linguaxe.			IE
B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	<p>B3.5.1. Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.</p> <p>B3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.</p> <p>B3.5.4. Utiliza as TIC para realizar presentacións.</p>	Presenta dixitalmente o folleto de información turística empregando ferramentas dixitais de edición e presentación.	Páx. 171. Act. 7.	CL CD IE

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.</p> <p>B4.9. Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.</p>	<p>B4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.</p> <p>B4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.</p> <p>B4.9.1. Recoñece e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.</p>	<p>Utiliza vocabulario sobre as covas.</p> <p>Recoñece un estranxeirismo e indica a procedencia.</p> <p>Substitúe un estranxeirismo polo termo galego equivalente.</p> <p>Utiliza o dicionario en liña para buscar estranxeirismos.</p>	<p>Páx. 165. Acts. 1 e 2.</p> <p>Páx. 165. Act. 3.</p> <p>Páx. 165. Act. 4.</p> <p>Páx. 165. Act. 5.</p> <p>Páx. 174. Act. 3.</p>	CL
<p>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>B4.1.4. Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo e imperativo.</p>	<p>Recoñece oracións enunciativas, exclamativas, interrogativas, desiderativas, imperativas e dubitativas.</p>	<p>Páx. 167. Act. 1.</p> <p>Páx. 174. Act. 4.</p>	CL
<p>B4.5. Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.</p>	<p>B4.5.2. Transforma oracións activas en pasiva, e viceversa.</p>	<p>Clasifica oracións en simples e compostas.</p> <p>Identifica e transforma oracións activas e pasivas.</p>	<p>Páx. 167. Act. 3.</p> <p>Páx. 174. Act. 5.</p>	CL

<p>B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.</p>	<p>B4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.</p>	<p>Utiliza o punto e coma e os puntos suspensivos. É autónomo na realización de tarefas de aprendizaxe e resolvendo as actividades. Utiliza correctamente palabras con aspectos ortográficos complexos. (Ortografía visual)</p>	<p>Páxs. 168 e 169. Acts. 1, 2, 3 e 4. Páx. 174. Act. 6. Páx. 169. Act. 6 e 7.</p>	<p>CL AA CD</p>
---	--	--	--	---------------------------

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	B5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	Recoñece a estrutura básica de textos teatrais: a escena e o acto.	Páxs. 172 e 173. Competencia lectora. Páxs.172 e 173. Acts. 1 e 2.	CL CEC
B5.3. Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.	B5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.	Investiga na rede, compara e identifica trazos estruturais comúns entre o teatro e outras manifestacións artísticas, como as comedias musicais, a ópera, o ballet e o teatro.	Páx. 173. Acts. 3 e 4.	CL CEC CD
B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.	B5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.	Transforma un conto popular nun texto teatral estruturado en actos e escenas.	Páx. 173. Act. 5.	CL CEC

OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
ORIENTACIÓNS METODOLÓXICA S	<input type="checkbox"/> Modelo discursivo/expositivo. <input type="checkbox"/> Modelo experiencia	<input type="checkbox"/> Actividade e experimentación. <input type="checkbox"/> Participación. <input type="checkbox"/> Personalización. <input type="checkbox"/> Interacción. <input type="checkbox"/> Relevancia. <input type="checkbox"/> Funcionalidade.	<input type="checkbox"/> Tarefas individuais. <input type="checkbox"/> Agrupamento flexible.

RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Observación directa do traballo diario. <input type="checkbox"/> Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. <input type="checkbox"/> Valoración cuantitativa do progreso individual (cualificacións). <input type="checkbox"/> Valoración cualitativa do progreso individual (anotacións e puntualizacións). 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Observación directa. <input type="checkbox"/> Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade. <input type="checkbox"/> Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade. <input type="checkbox"/> Avaliación por competencias, proba correspondente á unidade. <input type="checkbox"/> Outros documentos gráficos ou textuais. 	<p>Cualificación cuantitativa: Na proba de control, cada actividade cualificarase con 1 punto se foi resolta correctamente. Se a resolución non é errónea, pero é incompleta ou falta algún elemento, pódese valorar con 0,5 puntos. Así, a cualificación máxima da proba será de 10 puntos. Avaliación inicial cualificarase do mesmo xeito.</p> <p>Cualificación cualitativa: ten como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente á unidade.</p> <p>As probas de avaliación por competencias. A observación directa.</p>

OBXECTIVOS

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

CURRICULARES

- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que os permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e resolver situacións cotiás.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

PUNTO

DE

PARTIDA

DA

UNIDADE

Enfoque da unidade. Esta unidade ten como eixe temático o mar e as aventuras. O obxectivo é aproximar os alumnos a vocabulario específico do mar coa finalidade de comprender e expresarse de maneira oral e escrita en contextos lingüísticos relacionados con este tema. No apartado de Vocabulario, ademais, achéganse ao concepto de arcaísmo que, se ben é un fenómeno pouco produtivo, si poden atopalo en textos non normativos e, polo tanto, cómpre que comecen a detectalo. Na lectura, entre outros elementos narrativos, dedicaráselles especial atención aos tipos de narrador. Na Gramática chegaranse á realidade plurilingüe do territorio español e ás orixes do galego e, na Ortografía, practicarán o uso das parénteses, as comiñas e a raia. Todos os contidos lingüísticos poderanos aplicar na tarefa final: a entrevista en directo.

O que os alumnos xa saben. Os alumnos xa traballaron en cursos anteriores vocabulario sobre o mar, pero agora aproveitarán para aplicalo a situacións comunicativas, como o relato de aventuras ou a entrevista.

Previsión de dificultades. A lectura inicial da unidade pode presentar algún problema de comprensión, xa que contén gran cantidade de termos específicos relacionados cos barcos. Sería interesante elaborar ou presentar un debuxo en que situar as partes do barco. Así mesmo na lectura en voz alta pódese poñer atención ao nome do personaxe portugués e a presenza do signo de nasalidade presente sobre a vogal (e conectar isto co tema que se verá en Gramática sobre as linguas da península). Ademais, ao fío do contido da Gramática é posible que os

alumnos teñan dificultades en achargar exemplos doutras linguas romances.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES CURSO	DO	CONTIDOS DA UNIDADE
<p>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR</p> <p>B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos, distinguindo información de opinión, e elaboración dun resumo.</p> <p>B1.3. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender.</p> <p>B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio ...).</p> <p>B1.9. Producción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación ou participación para ofrecer</p>		<p>Identificación dun subxénero informativo: a rolda de prensa.</p> <p>Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.</p> <p>Producción dunha noticia a partir da información escoitada na rolda de prensa.</p> <p>Planificación e produción dunha entrevista</p>
		<p>B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.</p> <p>B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.</p> <p>B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p> <p>B1.8. Elaborar textos propios dos medios de comunicación.</p>

e compartir información e opinión.		
---------------------------------------	--	--

CONTIDOS		CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES CURSO	DO		
<p>BLOQUE COMUNICACIÓN ESCRITA: LER</p> <p>B2.2. Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.</p> <p>B2.3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).</p> <p>B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.</p> <p>B2.9. Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual.</p> <p>B2.12. Utilización das bibliotecas, incluíndo as</p>	2.	<p>Lectura en voz alta con correcta pronunciación e dicción, velocidade e ritmo.</p> <p>Comprensión do fragmento dun texto autobiográfico.</p> <p>Interpretación de sentidos figurados e significados explícitos.</p> <p>Lectura comprensiva do texto narrativo <i>Un día de sorte</i>.</p> <p>Identificación dos tipos de narrador dunha narración.</p> <p>Busca de información sobre Magallães en Internet e sobre a ruta que realizou na volta ao mundo.</p>	<p>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.</p> <p>B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.</p> <p>B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.</p> <p>B2.8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con autonomía abonda, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.</p>

virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.		
---	--	--

CONTIDOS		CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES CURSO	DO		
<p>BLOQUE COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR</p> <p>B3.4. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).</p> <p>B3.5. Redacción de textos breves creativos carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...</p> <p>B3.6. Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.</p>	3.	<p>Redacción dunha anécdota persoal con carácter autobiográfico.</p> <p>Realización dun comentario xeral do texto <i>Un día de sorte</i>.</p> <p>Planificación e escritura do guión para unha entrevista en directo.</p> <p>Realización de ditados.</p> <p>Elaboración de resumos e mapas conceptuais cos contidos aprendidos na unidade.</p> <p>Tradución ao galego dun breve texto portugués.</p>	<p>B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p> <p>B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.</p> <p>B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.</p>

CONTIDOS		CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES CURSO	DO		
<p>BLOQUE COÑECEMENTO LINGUA</p> <p>B4.11. Uso eficaz do dicionario, en papel ou dixital, na busca da ampliación do vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.</p> <p>B4.12. Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e diminutivos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.</p> <p>B4.14. Coñecemento das características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega e identificación e valoración desta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p> <p>B4.15. Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos</p>	<p>4. DA</p>	<p>Recoñecemento e substitución de arcaísmos</p> <p>Uso do dicionario.</p> <p>Utilización de vocabulario relacionado co porto.</p> <p>Recoñecemento de trazos comúns entre linguas románicas da península Ibérica.</p> <p>Aproximación á historia da lingua galega.</p> <p>Utilización das parénteses, das comiñas e da raia.</p> <p>Valoración da entrevista.</p>	<p>B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.</p> <p>B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.</p> <p>B4.8. Coñecer as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar desta dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p> <p>B4.15. Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.</p>

<p>comunicativos e recoñecer as interferencias.</p> <p>B4.4. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.</p>		
--	--	--

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	B1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.	Identifica a rolda de prensa como subxénero informativo. Valora os medios de comunicación social como instrumento de acceso a informacións e experiencias persoais doutros.	Páx. 176. Acts. 1 e 2.	CL CD CSC IE
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	B1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.	Busca modelos de entrevista en distintos medios.	Páx. 187. Act. 5.	CL CD
B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	B1.6.5. Participa activamente na conversa formulando e contestando preguntas. B1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. B1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptadas ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión, procurando a empatía coa persoa interlocutora.	Planifica e representa unha entrevista organizando a información, controlando a dicción e a entoación, e utilizando xestos expresivos. Valora o desenvolvemento da entrevista realizada cos compañeiros.	Páxs. 186 e 187. Acts. 1, 2, 3, 4, 6, e 7. Páx. 187. Act. 8.	CL CSC IE

B1.8. Elaborar textos propios dos medios de comunicación.	B1.8.1. Elabora textos propios dos medios de comunicación.	Produce unha noticia a partir da información escoitada na rolda de prensa.	Pág. 176. Act. 3.	CL IE
--	---	--	-------------------	----------

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
<p>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dóbres sentidos.</p> <p>B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.</p>	<p>B2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.</p> <p>B2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).</p> <p>B2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.</p> <p>B2.1.4. Interpreta metáforas, personificacións, hipérboles, ironías e dóbres sentidos en textos.</p>	<p>Le e comprende un texto autobiográfico.</p> <p>Comprende o texto narrativo <i>Un día de sorte</i>; identifica as ideas principais e secundarias e localiza información específica que dá resposta ás preguntas formuladas.</p> <p>Identifica as características e estrutura do texto narrativo e diferentes tipos de narrador.</p> <p>Interpreta sentidos figurados e significados non explícitos.</p>	<p>Páx. 177. Act. 4.</p> <p>Páx. 180. Acts. 3, 4, 5, 6 e 7.</p> <p>Páx. 180. Act. 2.</p> <p>Páx. 180. Acts. 8 e 9.</p>	CL
<p>B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura</p>	<p>B2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.</p> <p>B2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.</p>	<p>Le comprensivamente e voz alta o texto narrativo <i>Un día de sorte</i>, con pronunciación, velocidade, entoación e ritmo correctos.</p> <p>Corrixe afirmacións sobre a lectura.</p>	<p>Páxs. 181 e 182. Competencia lectora.</p> <p>Páx. 180. Act. 1.</p>	CL

<p>en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) ...</p>				
<p>B2.8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con autonomía abonda, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.</p>	<p>B2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con autonomía.</p>	<p>Busca información sobre Magallães e a ruta que seguiu na volta ao mundo.</p>	<p>Pág. 180. Act.10.</p>	<p>CL CD</p>

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	ACTIVIDADES	COMPETENCIAS
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	B3.3.1. Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...	<p>Escribe un comentario do texto <i>Un día de sorte</i>.</p> <p>Realiza ditados detectando con autonomía erros e resolvendo as súas dúbidas de maneira reflexiva.</p> <p>Planifica, organiza un guión e xestiona o seu proxecto individual: entrevista en directo.</p> <p>Completa resumos e mapas conceptuais con contidos da unidade memorizados.</p>	<p>Páx. 180. Act. 12.</p> <p>Páx. 185. Act. 6.</p> <p>Páx. 187. Acts. 1, 2, 3 e 4.</p> <p>Páx. 183. Resumo gramatical.</p> <p>Páx. 188. Acts. 1 e 2.</p>	CL IE AA CSC
B3.4. Elaborar textos breves con creatividade.	B3.4.1. Expresa nos seus textos de maneira imaxinativa ideas, sentimentos e/ou emocións; narra accións e presenta personaxes, obxectos e/ou lugares: carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...	Escribe unha anécdota persoal para unha posible autobiografía.	Páx. 177. Act. 5.	CL
B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de	B3.5.2. Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.	Utiliza os procesadores de texto para escribir, organizar e presentar as producións escritas.	Páx. 177. Act. 5.	CL CD

presentacións.				
----------------	--	--	--	--

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

<ul style="list-style-type: none"> • A comunicación e a expresión de sentimentos e emocións. • O diálogo e a argumentación das propias opinións. • As habilidades de escoita e a empatía. • A aceptación das diferenzas e a superación dos prexuízos. • Os dilemas morais. • O recoñecemento dos dereitos humanos. • A reflexión sobre a igualdade de dereitos e o respecto cara aos demais como mecanismo de mellora do clima de grupo. • Os primeiros auxilios. A prevención de accidentes no contexto escolar. Os 	1. Recoñecer e utilizar a linguaxe non verbal.	1.1. Recoñece con claridade e coherencia opinións e emocións non verbais.	CCL, CAA
		1.2. Recoñece mensaxes non verbais e a súa relación coa comunicación de emocións.	CCL, CAA
	2. Dialogar falando de xeito adecuado e ben fundamentado.	2.1. Expón respectuosamente os seus argumentos.	CCL, CAA
		2.2. Expresa as súas opinións de forma eficaz e ben argumentada.	CSEC, SIEP
	3. Saber escoitar e sentir de xeito empático.	3.1. Escoita e entende a comunicación poñéndose no lugar do outro.	CCL, CSEC
		3.2. Recoñece o valor dunha escoita activa e positiva.	SIEP
	4. Aceptar as diferenzas e recoñecer e rexeitar os prexuízos.	4.1. Recoñece as diferenzas e valóraas positivamente.	CAA, CD, CSEC,

primeiros auxilios aos demais.			CEC
		4.2. Detecta e axuíza negativamente os prexuízos.	CAA, CSEC, CEC
	5. Desenvolver aspectos da intelixencia interpersonal.	5.1. Utiliza a capacidade de empatizar e as diferentes habilidades sociais favorecendo o seu benestar individual e contribuindo á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	CMCT, CD, CAA, CSEC, SIEP
	6. Recoñecer os dereitos humanos e mostrarse tolerante cos demais.	6.1. Recoñece os dereitos dos seres humanos.	CD, CSEC, CEC
		6.2. Coñece a orixe das declaracións de dereitos humanos.	CD, CSEC, SIEP, CEC
		6.3. Mostra unha actitude tolerante cara aos demais.	CSEC, SIEP
	7. Realizar primeiros auxilios, en caso de necesidade, valorando a importancia de previr accidentes.	7.1. Valora a importancia de previr accidentes domésticos.	CAA, CSEC
		7.2. Realiza traballos dixitais de libre creación sobre medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.	CD
		7.3. Demostra que é capaz de realizar primeiros auxilios en caso de necesidade.	SIEP

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.

- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.

RECURSOS

- Vídeos, cancións, contos.
- Encerado tradicional ou dixital.
- Folios ou cartolinas pequenas e grandes.
- Lapis de cores e rotuladores.
- Tesoiras e pegamento.
- Reprodutor de CD e música variada.
- Pósts.

Recursos dixitais

- O alumnado poderá reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- Algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Repaso do segundo trimestre.
- Rexistro de avaliación.
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc.

Trimestre 3

Título

Vivimos en sociedade.

Descrición do trimestre

A maior parte das unidades teñen un contido que é doado de identificar como característico desta materia: xa sexa pola súa vinculación aos valores ou á sociedade. As dúas primeiras teñen que ver con relacións aínda próximas (axuda e resolución de conflitos), a terceira e a cuarta coa sociedade máis en xeral (Constitución e colaboración

social). As outras tres tratan da dificultade de elixir responsablemente, a ecoloxía e os perigos de internet, pechando o libro dun xeito máis próximo á resolución de problemas concretos na vida do neno que vai cambiar de etapa.

Por medio das diferentes actividades propostas nas unidades deste trimestre, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- Coñecemos algúns aspectos que contribúen a mellorar a convivencia social, como a colaboración ou os modos pacíficos de resolución de conflitos.
- Aprendemos algúns mecanismos sociais de resolución democrática de conflitos e o seu funcionamento na nosa sociedade.
- Entendemos a importancia da acción socialmente responsable.
- Apreciamos o medio e contribuímos á súa conservación.
- Coñecemos algúns dos perigos de internet.
- Valoramos unha conduta moral correcta.

Temporalización:

Axudámonos	Abril
Falando enténdese a xente	Abril
A Constitución	Abril
Unha sociedade por e para todos	Maio
Ás veces non sei que facer	Maio
Respecto a natureza	Xuño
Atrapados na rede	Xuño

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Valoramos as relacións interpersoais positivas, en particular a axuda e a amizade.
- Aprendemos a resolver conflitos de xeito pacífico tanto coas persoas próximas como socialmente.
- Coñecemos algúns aspectos da convivencia democrática e da Constitución española.
- Adoptamos unha actitude ecoloxicamente positiva.
- Sabemos evitar os perigos de internet.
- Recoñecemos e defendemos unha actitude moralmente correcta.

CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSEC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> • A solidariedade e a cooperación. • A resolución pacífica de problemas sociais. • A Constitución española e a democracia. • A sociedade democrática e a cidadanía. • O respecto e a conservación do medio. • Os perigos da rede. • Os valores morais e a boa conduta. 	1. Resolver problemas en equipo mostrando condutas solidarias.	1.1. Recoñece o valor da solidariedade.	CAA, CSEC
		1.2. Traballa en equipo de xeito eficaz.	CSEC, SIEP
	2. Resolver os conflitos de xeito pacífico.	2.1. Resolve conflitos de xeito construtivo.	CAA, CSEC
		2.2. Rexeita as actitudes violentas.	CSEC
	3. Coñecer a Constitución española.	3.1. Recoñece o avance que supuxo a Constitución española como fundamento do actual réxime democrático.	CD, CSEC
		3.2. Asume a Constitución como fonte dos dereitos e os deberes dos españois.	CD, CSEC, CEC
		3.3. Valora a importancia do sufraxio como fundamento do goberno dos países democráticos.	CSEC, CEC
	4. Comprender o sentido da responsabilidade social.	4.1. Comprende e expón as vantaxes da actuación correcta.	CCL, CAA, CD
		4.2. Fundamenta adecuadamente xuízos morais.	CCL, CSEC, SIEP

	5. Contribuír á conservación do medio.	5.1. Investiga a influencia humana no medio.	CMCT, CD
		5.2. Estima e actúa conforme a unha actitude ecoloxista.	CSEC, SIEP
	6. Evitar os perigos da rede.	6.1. Coñece e evita perigos de Internet.	CMCT, CD, CAA, CSEC, SIEP

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.

RECURSOS

- Vídeos, cancións, contos.
- Encerado tradicional ou dixital.
- Folios ou cartolinas pequenas e grandes.
- Lapis de cores e rotuladores.
- Tesoiras e pegamento.
- Reprodutor de CD e música variada.
- Pósites.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- Algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Repaso do terceiro trimestre.

- Registro de evaluación
- Otros recursos: rúbrica, diana, etc.

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento das competencias. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos no alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable, polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia, que «describen» o alumnado competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia, que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade; será concreto e obxectivo, e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto, aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores**, presentes tamén en todas as áreas, axudará a que o noso alumnado aprenda a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade do alumnado cos seus estilos de aprendizaxe distintos levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Valores Sociais e Cívicos.

Na área de Valores Sociais e Cívicos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade elementos e razoamentos matemáticos para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan. Así mesmo, esta competencia ofrece a posibilidade de empregar o razoamento lóxico, analizar e axuizar a partir de conflitos, e resolver problemas e xuízos morais de diversos problemas sociais e históricos.

Os descritores que podemos traballar serán:

- Interactuar co ámbito natural de forma respectuosa.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano, fronte ao coidado saudable deste.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

Para o bo desenvolvemento desta competencia nesta área, será decisivo o fomento da lectura a través de libros e de fragmentos de textos escollidos para comentar na aula con dúas finalidades: mellorar a comprensión lectora e a adquisición de destrezas para a expresión escrita, e adquirir identidade sobre o que significa unha sociedade cívica. Todo iso co obxectivo de favorecer o coñecemento dos valores, os dereitos e os deberes destacados nos dereitos humanos, etc. Trataremos desde esta área de que adquiran as destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas, e para iso, procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, as normas ortográficas e as gramaticais para elaborar textos escritos.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa e con sentido literario.

- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento e á vez, nos ensine o seu uso responsable; a devandita competencia favorecerá dous tipos de traballo: autónomo e participativo, nos que se fomentará a identidade persoal e a relación interpersoal, respectivamente, desde unhas bases sólidas nas que poidan empezar a xerar os seus propios criterios sobre situacións reais da sociedade na que viven.

Os descritores nesta competencia serán:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través desta competencia e desde esta área, posibilitase a adquisición de pautas sociais e cívicas persoais, interpersoais e interculturais para participar dunha forma eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza nas expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Valores Sociais e Cívicos pídenos que se facilite a construción da identidade individual e se potencien as relacións interpersoais para favorecer a convivencia de acordo a valores cívicos socialmente recoñecidos, polo que esta competencia fomentará todos aqueles aspectos que lle axuden ao alumnado a formarse como persoas e cidadáns participativos na mellora e o desenvolvemento dunha sociedade democrática. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito, referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor beneficiará ao alumnado, xa que se iniciará no autoconhecimento a distintos niveis para poder desenvolver habilidades que o leven a tomar iniciativas emprendedoras que faciliten a asunción da complexa convivencia social propiciando valores de interdependencia positiva e cooperación, de acordo cos valores, os dereitos e os deberes da sociedade na que se desenvolven.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender favorece a forma en que o proceso de ensino-aprendizaxe se vai consolidando no alumnado. As metodoloxías empregadas nesta área estarán relacionadas co traballo de investigación, de forma que a participación e a implicación do alumnado sexa real, así como o recoñecemento e a aceptación das normas sociais e de convivencia.

Nesta área insístitirase na relación entre o progreso persoal e o académico, xa que iso supoñerá unha das bases para que se inicien na construción do seu propio proxecto persoal de vida.

Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS A UTILIZAR NA ÁREA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Sociais e Cívicos:

O alumnado ha de formarse na reflexión e a vivencia dos valores ao longo de toda a Educación Primaria; para iso, deberá familiarizarse con aspectos como o respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e así tomar conciencia da importancia de asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Debemos ter en conta que cada estudante parte dunhas fortalezas individuais, que axudarán a construír a súa identidade individual, para poder chegar a construír unha sociedade colectiva con valores cívicos e socialmente recoñecidos.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesita, e así desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, o alumnado iníciase no desenvolvemento da estimulación do pensamento crítico, a asimilación de valores, a toma de decisións desde xuízos morais e a resolución de problemas, polo que deberá manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador, como unha forma de adestrar diferentes habilidades, que desenvolvan a súa capacidade de crear espazos de convivencia pacífica e democrática, desde uns valores socialmente recoñecidos.

Os contidos da área de Valores Sociais e Cívicos están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

1. Valorar a respectabilidade e a dignidade persoal, desenvolver un estilo persoal positivo e empregar as emocións de forma positiva para facilitar o pensamento.
2. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais, empregar estratexias de reestruturación cognitiva para superar as dificultades que xorden, e responsabilizarse do ben común.
3. Ter un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais, propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisións persoal meditada e responsable.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

1. Iniciar, manter e finalizar conversacións cun xeito de falar adecuado aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación, para superar barreiras, e os que permiten lograr proximidade.
2. Crear pensamentos compartidos a través do diálogo, en busca do mellor argumento.
3. Desenvolver de acordo á idade os aspectos da intelixencia interpersoal, e valorar e practicar o altruísmo no ámbito máis próximo.
4. Razoar as consecuencias dos prexuízos sociais, analizar os problemas que provocan e reflexionar sobre o efecto que teñen nas persoas que os sofren.
5. Comprender a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, e a liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.
6. Valorar a importancia de previr accidentes domésticos ou escolares, coñecer medidas preventivas e ser capaz de realizar primeiros auxilios en caso de necesidade.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

1. Potenciar a interdependencia positiva, resolver problemas en colaboración, mostrar condutas solidarias e poñer de manifesto unha actitude aberta cara aos demais para compartir puntos de vista e sentimentos.
2. Transformar o conflito en oportunidade, coñecer e empregar as fases da mediación, e utilizar a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.
3. Asumir os dereitos e deberes do alumnado, realizar xuízos morais de situacións escolares utilizándoos como referencia, e resolver dilemas morais con supostos prácticos que reflectan situacións escolares.
4. Coñecer e apreciar os valores da Constitución española, os dereitos e deberes da Constitución española, e comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social.
5. Comprender a importancia da contribución dos cidadáns, a través dos impostos, aos servizos públicos e os bens comúns.
6. Manter unha actitude crítica ante as faltas de respecto á conservación do medio.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Número de alumnos e alumnas:

Funcionamento do grupo (*falan moito, cambian con facilidade de actividade...*):

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? (*Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas...*).

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

Necesidades individuais

Cales son os alumnos e as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (*Ter en conta os alumnos e alumnas con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...*).

Que medidas organizativas vas adoptar? (*Planificación de reforzos, situación de espazos e xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual*).

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, que se pode realizar ao final de cada trimestre, para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

OBXECTIVOS MÍNIMOS PARA PASAR DE CURSO. 6º E.PRIMARIA

CIENCIAS NATURAIS

MATERIA E ENERXÍA

- Coñecer distintos tipos de enerxía. A luz como fonte de enerxía.

Electricidade: a corrente eléctrica.

Magnetismo: o magnetismo terrestre.

O imán: o compás.

- A electricidade no desenvolvemento das máquinas. Circuitos eléctricos sinxelos. Efectos da electricidade. Condutores e illantes.
- Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.

OS SERES VIVOS

- Estrutura dos seres vivos: a célula (descrición da súa estrutura); tecidos: tipos; órganos: principais características e funcións; aparells e sistemas: compoñentes e funcionamento
- O corpo humano e o seu funcionamento.
- As funcións vitais na especie humana: nutrición (aparatos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor); reprodución (aparato reprodutor).
- Saúde e enfermidade.

Principais enfermidades que afectan os aparatos e sistemas do organismo humano.

Hábitos saudables para previr enfermidades.

O NOSO PLANETA

- Coñecer distintos ecosistemas. Relaciones nun ecosistema.

LINGUA CASTELÁ

EXPRESIÓN Y COMPRENSIÓN ORAL Y ESCRITA

- Expresarse correctamente a nivel oral, utilizando un vocabulario adecuado a su nivel y utilizando argumentos para defender sus opiniones.
- Lectura expresiva y a una velocidad adecuada para el nivel
- Entender un texto leído, sabiendo resumirlo.
- Expresarse correctamente por escrito, con orden, coherencia, utilizando un vocabulario ajustado, utilizando oraciones complejas y con pocas faltas de ortografía. Todo esto con una presentación adecuada.
- Escribir cuentos, cartas, diálogos, descripciones, noticias, etc..
- Distingue diferentes tipos de textos: narrativos, informativos, argumentativos, descriptivos...
- Reconocer un texto literario tanto en prosa como en verso.

ORTOGRAFÍA

- En un texto escrito no tiene más de cuatro faltas.
- Sabe acentuar y conoce las principales normas de ortografía.

VOCABULARIO

- Sabe utilizar los prefijos y sufijos para formar sustantivos, adjetivos y verbos.
- Reconoce palabras sinónimas, antónimas y parónimas.
- Sabe reconocer palabras compuestas.

GRAMÁTICA

- El grupo nominal; sustantivo, determinantes y sus complementos.
- Tipos de determinantes.
- Los pronombres personales :formas de los pronombres personales.
- Formación de sustantivos.
- Formación de verbos.
- El verbo; formas y tiempos verbales; análisis de una forma verbal; clases de verbos.
- Formación de adjetivos.
- El adverbio; clases de adverbios; funciones de los adverbios.
- Enlaces. Interjecciones; preposiciones y conjunciones.
- La oración.
- Clases de predicados; el predicado nominal.
- Clases de oraciones según la intención del hablante.

LINGUA GALEGA

COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

- Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos, distinguindo información de opinión, e elaboración dun resumo.
- Interpretación elemental en textos orais da retransmisión, da ironía e de dobres sentidos, recoñecendo a primeira como un trazo característico da lingua galega.
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).

- Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

- Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).
- Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.
- Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.
- Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual.
- Análise de textos escritos en diferentes variedades da lingua galega.
- Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

- Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor.
- Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (questionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).
- Redacción de textos breves creativos carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

COÑECEMENTO DA LINGUA

- Uso e identificación intuitiva de: denominación dos textos traballados; clases de palabras, sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición, conxunción e interxección; grupo de palabras: núcleo e complementos; substantivos, artigos e pronomes, adxectivo; tempo e modo verbal; persoa gramatical; complementos do nome e complementos do verbo: o suxeito.
- Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...), así como doutros elementos de cohesión, en relación coa composición de textos.
- Uso eficaz do dicionario, na busca da ampliación do vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.
- Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e diminutivos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.
- Ampliación do vocabulario mediante os procedementos de creación de palabras: derivación (prefixos e sufixos) e composición

EDUCACIÓN LITERARIA

- Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).
- Lectura guiada de textos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.

MATEMÁTICAS

- Manejar las operaciones básicas de cálculo y sus propiedades en la resolución de problemas, actividades o situaciones de la vida real.

- Desarrollar el cálculo mental como herramienta de crecimiento personal y habilidad matemática.
- Lectura y escritura de números hasta el millón.
- Comparación y ordenación de números.
- Aplicar los distintos algoritmos (suma, resta, multiplicación y división) en el cálculo numérico y resolución de problemas.
- Conocer y manejar las potencias de base 10 para expresar de forma abreviada números muy grandes.
- Conocer y utilizar la raíz cuadrada en situaciones cotidianas.
- Obtener distintos múltiplos de un número.
- Obtener los divisores de números sencillos.
- Conocer y utilizar los criterios de divisibilidad por 2, por 3, por 5, por 9 y por 10
- Diferenciar números primos de números compuestos.
- Expresar situaciones con números positivos o negativos.
- Representar y comparar números enteros..
- Conocer y utilizar las equivalencias entre los distintos órdenes de unidades de un número decimal: décimas, centésimas y milésimas.
- Representar en la recta numérica los números decimales.
- Comparar y ordenar números decimales.
- Sumar y restar decimales.
- Multiplicar números decimales por números naturales y números decimales entre sí.
- Dividir números decimales entre números enteros y números decimales entre sí.
- Entender la fracción como parte de un todo y comprender su uso en la vida diaria.
- Comparar fracciones. Operar con fracciones.
- Calcular el tanto por ciento de cantidades específicas.
- Manejar los porcentajes o tanto por ciento en situaciones de la vida cotidiana.
- Utilizar la regla de tres en la resolución de problemas.

- Distinguir entre las unidades de longitud y las unidades de superficie.
- Aplicar las equivalencias y realizar transformaciones de unas unidades a otras.
- Diferenciar entre expresiones complejas e incomplejas. Transformar unidades complejas en incomplejas, y viceversa.
- Comprender el concepto de volumen. Conocer las unidades de medida de volumen del SMD. Reconocer el volumen y la capacidad como magnitudes equivalentes.
- Conocer y usar el sistema sexagesimal.
- Manejar las expresiones complejas e incomplejas de tiempo.
- Calcular operaciones de sumas, restas y multiplicaciones de cantidades de tiempo.
- Identificar y medir los ángulos. Realizar operaciones con medidas de ángulos.
- Clasificar los triángulos según sus lados y sus ángulos.
- Calcular el área del triángulo.
- Clasificar los paralelogramos.
- Calcular el perímetro y el área de los paralelogramos.
- Calcular el perímetro y el área de un polígono regular.
- Calcular el área del círculo.
- Calcular la longitud de la circunferencia.
- Conocer y calcular la moda, la media y la mediana de una distribución de datos.
- Interpretar histogramas.
- Calcular probabilidades.
-

CIENCIAS SOCIAIS

- Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
- Utilización de técnicas para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.

- A cooperación e o diálogo como valores democráticos fundamentais
- O clima. Elementos e factores climáticos. Os climas de Europa.
- A paisaxe: elementos que o forman, tipos de paisaxes.
- A diversidade xeográfica das paisaxes de Europa: relevo interior e costeiro e hidrografía.
- A Unión Europea.
- .A organización económica, social, política e territorial da Unión Europea.
- Aproximación a algunhas características significativas dos países europeos a través dun proxecto cooperativo.
- Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación
- Poboación de Europa: distribución e evolución.
- Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa, a chegada de emigrantes, problemas actuais da poboación. Estudo dos movementos migratorios da familia
- As actividades económicas e os sectores produtivos de Europa
- Educación financeira. O diñeiro. O aforro. Elaboración dun presuposto persoal.
- As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XIX.
- España na Idade Contemporánea I: o século XIX.
- As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XX.
- España na Idade Contemporánea II: o século XX. Mulleres e homes relevantes na historia de España e Galicia.
- .España na Unión Europea.
- O Mundo Actual. Realización de arquivos sobre temas de actualidade
- Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo.



11.- INFORMACIÓNS ÁS FAMILIAS.

1. Horario de titorías: Todos os martes de 16:00 h. a 17:00, previa petición de cita, o/a titor/a correspondente informará aos pais sobre o rendemento académico do/a seu/súa fillo/a, tras pedir información ao resto do profesorado que imparte clase nese curso. Tamén podemos empregar titorías telefónicas e o correo electrónico.
2. Axendas escolares: Cada alumno/a terá unha axenda escolar onde anotará toda a información do traballo realizado e as tarefas pendentes. Anotará as datas dos controis e das entregas de tarefas.
3. Boletíns de notas: Cada trimestre entregárase un boletín que recollerá as cualificacións obtidas polo alumnado en cada materia, así como o seu rendemento no traballo, , na presentación de traballos e no cumprimento das normas. Tamén constará se recibiu algún tipo de reforzo educativo ou está sendo avaliado cunha Adaptación Curricular.

Reunións Xerais: Haberá unha a principios de curso para explicar as normas e o que imos facer.

Medidas de atención á diversidade:

Posto que nas clases hai un alumnado moi diverso, intentarase responder a esta diversidade a través de diferentes medidas: reforzos educativos e cambios metodolóxicos e organizativos na clase. As medidas máis significativas como AC só son necesarias nun caso dun alumno de 6ºB.

As medidas que adoptaremos será apoios de profesorado de PT e AL a aqueles nen@s que o precisen, adaptación de materiais, metodoloxías máis inclusivas e estratexias que fomenten a participación activa e dinámica do alumnado. Tamén recomendamos que varios alumnos/as de 6ºA e 5 de 6º B asistan a PROA cando empecen as clases.

-Programa de Educación en valores:

Ademais da materia de valores, traballaremos estes contidos do currículo a través de dinámicas e estratexias que favorezan o traballo en equipo, a colaboración e a solidariedade. Así como utilizaremos contos, imaxes, películas ou curtametraxes para potenciar a empatía do alumnado e influir positivamente nos seus valores.

Accións de contribución ao proxecto lector:

Cada día, despois do recreo, os nen@s teñen 25 minutos de lectura obrigatoria. En ocasións será lectura en voz alta, outras lectura libre e outras lectura silenciosa cun determinado libro.

Cada curso lemos un libro en galego e outro en castelán e o seu escritor asiste ao colexio para que lle poidamos facer unha entrevista sobre o libro e a súa profesión.

-Accións de contribución ao plan TIC:

Explicaremos co procesador de textos compoñendo escritos, incluíndo imaxes, elaborando presentacións, utilizando a web para a investigación sobre diferentes aspectos e contidos e favorecendo que desde a familia se utilicen as Novas Tecnoloxías.

-Procedementos para avaliar a propia programación:

Levarase a cabo un rexistro de todo o realizado na programación e irase axustando esta en función dos resultados.

No caso de que se observe que hai nen@s que necesitan máis medidas de acceso ao currículo, se lles facilitarán, en función da observación do traballo en clase e o resultado das probas que se lles pasen.

Estaremos atentos á procura da mellora na lectura aumentando e dinamizando máis as actividades se non resultan suficientemente motivadoras para os nen@s ou non vemos os resultados que pretendemos.

No caso das Tic, de forma periódica valoraremos o avance no uso das novas tecnoloxías observando a soltura que presentan na realización dos traballos encomendados.

Para valorar a convivencia estaremos atentos aos posibles conflitos que poidan xurdir valorando se son máis escasos ou se, polo contrario, hai que facer máis fincapé na mediación e creación de empatía.

4.

